

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
EXTRAORDINARIO QUE TIVO LUGAR
EN SAN CAETANO, O 20 DE XULLO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de lei de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público.

OS EMPREGADOS PÚBLICOS GALEGOS RECUPERARÁN A PAGA EXTRA DE 2012 EN EXERCICIOS FUTUROS E DE FORMA DIRECTA NA NÓMINA

- ***Esta é a terceira rebaixa de salarios para o Goberno e presidente da Xunta acumula unha diminución do 22% no que vai de lexislatura; os conselleiros un 17% e os secretarios xerais, directores xerais, delegados territoriais e asimilados nun 15%***
- ***A Xunta aprobou hoxe nun Consello Extraordinario o proxecto de lei que modificará a Lei de Orzamentos para adaptala ao Real Decreto Lei 20/2012***
- ***Tamén se aplicará esta medida aos directivos das empresas públicas do sector autonómico, que se engadirá á recente baixada dun 9% de media***
- ***O Goberno aforrará esta lexislatura 30 millóns de euros coa redución de altos cargos e persoal de gabinete***

Os empregados públicos galegos recuperarán a paga extra suprimida este ano en exercicios futuros, no marco dos parámetros fixados pola Lei de Disciplina e Sostibilidade Orzamentaria; mentres que no caso dos empregados estatais se fará a través dos plans de pensións.

Así se recolle no proxecto de lei aprobado hoxe polo Goberno galego nun Consello Extraordinario para modificar a actual Lei de Orzamentos e adaptala ao disposto no Real Decreto Lei 20/2012.

A mesma porcentaxe na rebaixa salarial establecida para os altos cargos aplicarase ás retribucións anuais dos directivos e persoal das entidades da Administración instrumental. Con esta nova diminución de retribucións, o presidente do Executivo galego acumula unha do 22% no que vai de lexislatura; mentres que os conselleiros ven rebaixados os seus salarios un 17% en relación co anterior goberno e; os secretarios xerais, directores xerais, delegados territoriais e asimilados nun 15% (**cadro adxunto**).

Á rebaixa para os directivos das entidades da Administración instrumental súmase á recente diminución media nun 9% das súas retribucións como consecuencia da aplicación da Lei de medidas temporais en materia de emprego público, polo que ninguén pode ter un salario fixo máis alto que o do presidente da Xunta, unha norma que tamén suspendeu o complemento dos ex altos cargos.

Ademais, a Xunta de Galicia, coa diminución do número de altos cargos de persoal de gabinete ao servizo da Administración autonómica, ten previsto aforrar na actual lexislatura case 30 millóns de euros.

Por outra banda, o proxecto de lei equipara aos empregados públicos adscritos aos réximes especiais de seguridade social do mutualismo cos de réxime xeral na modulación da regulación das incapacidades temporais co fin de evitar un trato desigual entre empregados públicos.

Retribucións Altos Cargos en termos nominais

	2005	2007	2008	2009	2010	2011	2012	TVA 2012-2008	Var. Absoluta 2012-2008
Presidente	81.452	83.081	84.559	84.559	77.252	71.960	66.820	-22%	-17.839
Vicepresidente	76.459	77.988	79.548						
Concelleiros	67.073	68.415	69.783	69.783	63.577	62.805	58.319	-17%	-11.464
SX, DX, delegados territoriais e asimilados	55.537	56.890	59.848	59.848	58.831	55.060	51.127	-15%	-8.721

